

Boqueixón pon en valor o seu patrimonio

O Concello acomete traballos de reparación e mantemento das estruturas de madeira do Pico Sacro e acondiciona as 54 fontes e lavadoiros existentes no municipio

O Concello vén de rematar os traballos de mantemento e reparación das estruturas de madeira do Pico Sacro. Unha actuación encadrada dentro do seu programa anual de obras para conservar o patrimonio cultural do municipio e que este ano incluíron actuacións nas 54 fontes e lavadoiros existentes no concello.

Uns traballos que nos últimos anos supuxeron un importante cambio en Boqueixón, en especial no monte Ilicino. Tras demoler unha estrutura de formigón inacabada e substituír a cuberta do depósito de auga para reducir o impacto paisaxístico, o Concello acometeu varias plantacións de especies autóctonas que, unidas á limpeza das covas, converteron este espazo no buque insignia do noso turismo. Así se veu este verán, cun aumento das visitas, das rutas organizadas, das baixadas espeleolóxicas e mesmo converténdose no mellor escenario para acoller un gran espectáculo como “Camiño máxico do Pico Sacro”, de Queiman e Pousa e promovido por Política Lingüística.



CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

- | | | |
|-----------------|---------|------------------------------|
| 30 set / 13 out | Sergude | Campo da festa de San Bieito |
| 14 out / 27 out | Lestedo | Campo da festa |
| 28 out / 03 nov | Lamas | Campo da festa |



O Concello investirá 340.000 euros en dotar de saneamento a sete núcleos

En Frenza, Agra, Ardilleiro Pequeno, Xiadás, O Casal, Zaramacedo e Villalapaz

O Concello de Boqueixón vai investir algo máis de 340.000 euros a dotar de servizo de saneamento os núcleos de Frenza (Sucira), Agra (Loureda), Ardilleiro Pequeno (A Granxa), Xiadás (Gastrar), O Casal e Zaramacedo (Lamas) e Villalapaz (Oural). Unhas actuacións que foron aprobadas na sesión plenaria do pasado mes de setembro e que suporán a ampliación da rede municipal de saneamento en 2.792 metros de tubaxe, coa instalación de 71 novos pozos de rexistro e de ata 44 arquetas para conexións.


A maiores, está prevista a instalación de catro novas estacións depuradoras, aptas para depurar unha carga contaminante correspondente a un cen-

to de veciños e veciñas. Finalmente, no caso de Zaramacedo, o Concello aproveitará as obras para canalizar tamén as augas pluviais, mediante a instalación doutros 80 metros de tubaxe, cinco arquetas sumidoiro e dous pozos de rexistro.

O alcalde, Ovidio Ro-deiro, sinala que “deste xeito continuamos avanzando na prestación de servizos eficientes a todos os veciños e veciñas de Boqueixón. Nestes momentos, o 100% da nosa veciñanza ten acceso a un abastecemento de auga de calidade, algo que non ten parangón no resto da provincia, e xa negociamos na Xunta unha solución para as vivendas illadas ás que non chega o servizo de saneamento”.



Actuación de saneamento realizada este ano en Quián



Nova campaña de vacinación coa novidade da aplicación en nenos e nenas da intranasal fronte á gripe

A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha unha nova campaña de vacinación fronte á gripe, á covid e ao virus respiratorio sincitial. Unha iniciativa que inclúe como novidade a vacina intranasal fronte á gripe para os nenos e nenas de entre 2 e 5 anos. Ademais, este ano vacínase ao persoal dos centros de educación infantil, nos que hai nenos e nenas de ata 5 anos.

Os primeiros en inmunizarse fronte á covid e a gripe foron as persoas das residencias de maiores e centros de discapacidade, tanto

os residentes como os traballadores. O próximo 7 de outubro será cando a Xunta comezará a vacinar fronte á gripe ás nenas e nenos de 6 a 59 meses, coa aplicación da intranasal a partir dos 24 meses.

A partir do 14 de outubro serán chamadas as persoas de 80 e máis anos, mentres que as que teñan entre 70 e 79 anos comezarán a vacínase a partir do 28 de outubro. Xa en novembro será a quenda para persoas de 60 a 70 anos (a partir do día 11) e o resto da poboación a partir do día 18.

A fibra óptica chega xa a 104 dos 106 núcleos de poboación do municipio

Boqueixón conta con servizo de rede de fibra óptica no 98,1% das aldeas do concello. Durante os pasados meses de agosto e setembro entrou en funcionamento o servizo de fibra nos núcleos de A Igrexa (A Granxa), Loureiro (Pousada), O Cubelo (Vigo) e O Casal (Lamas), ao que hai que sumar o lugar da Alboia, que se conformou como unha nova aldea de Lamas.



Deste xeito, 104 dos 106 núcleos de poboación de Boqueixón xa dispoñen do servizo de fibra óptica.

Loureda e Orto

A aldea de Loureda (parroquia de Loureda) e Orto (Boqueixón) non contan co servizo xa que non hai liña de postes de teléfono que dean cobertura a estes lugares.

A día de hoxe a compañía Rede Aberta está tramitando os permisos necesarios con Naturgy e Udesa, para así poder completar o servizo nestes núcleos, a través da rede de postes do tendido eléctrico. Deste xeito, a finais do ano 2024, o 100% dos núcleos de poboación de Boqueixón contarán co servizo de fibra, quedando casos puntuais sen

fibra, que se intentarán atender de forma individualizada.

Con estas actuacións o noso concello poderá contar cun servizo imprescindible hoxe en día para o teletraballo, a telemedicina, o estudo dos mais cativos, para as empresas e o ocio, un servizo que contribúe á mellora da calidade de vida e do desenvolvemento económico de Boqueixón.

O Bono Concilia pode solicitarse ata o 17 de outubro

O prazo para acollerse ás axudas do Bono Concilia Familia está aberto ata o 17 de outubro na sede electrónica da Xunta. Trátase dun programa para que os pais e as nais que traballan poidan atender as súas necesidades de conciliación de carácter puntual (por enfermidade, cuestións laborais ou nas vacacións escolares).

As contías poden ser de 500€ por familia para contratar unha persoa empregada do fogar ou servizos de atención á infancia a domicilio; e/ou de 200€ por cada neno/a para o pago de campamentos ou doutros recursos de conciliación (ludotecas ou espazos infantís).

Lembra que o Concello conta cun Servizo Municipal de Canguraxe de balde para menores de 11 anos no propio domicilio.



Boqueixón participará na Ruta das Igrexas e da DOP Arzúa-Ulloa

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, presentou no Pazo de Quián a Ruta das igrexas e da DOP Arzúa-Ulloa como produto turístico dinamizador do rural. Unha iniciativa que beneficiará 32 municipios, entre os que figura Boqueixón, sede da queixería Bo Queixo.

O Concello organiza tres saídas ao Balneario para maiores de 60 anos

O Concello organiza tres saídas ao Balneario Compostela para maiores de 60 anos os venres 4 de outubro, 15 de novembro e 13 de decembro, con saída ás 10:15 horas da Casa do Concello. Durante tres horas desfrutarán dun circuito termal con piscinas dinámicas con chorros, contracorrentes, fervenzas, camas de auga, jacuzzi e asentos de burbullas. As instalacións contan tamén cun gran baño turco, ducha bitérmica, circuito

circulatorio de pernas, ducha de aromas, dúas salas de calor seca, unha de escarcha de auga xeada e outra de relaxación con mármore quentes e cromoterapia.

O prezo é de 15€ por circuito termal (a aboar no balneario) 8€ polo autobús (a pagar no Concello antes do 1 de outubro, 12 de novembro e 10 de decembro). Máis información e inscricións no Departamento de Servizos Sociais ou no teléfono 981 513 106.



O ano máis importante en materia de conciliación

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou á rapazada da derradeira quenda do “Verán Activo”, o programa de lecer e conciliación posto en marcha polo Concello de Boqueixón durante as vacacións escolares.

Fabiola García estivo acompañada por gran parte do equipo de Goberno municipal, encabezado polo alcalde Ovidio Rodeiro, quen destacou que este programa de conciliación “dá cobertura a todos os nenos e nenas de Boqueixón que quixeron participar na actividade. De feito foi o ano máis importante que tivemos en materia de conciliación, grazas tamén á fi-

nanciación que tivemos por parte da Xunta de Galicia”.

Así, o programa deu servizo a 118 nenos e nenas, cubrindo todas as solicitudes presentadas polas familias. Ademais de baixar os prezos nun 50%, trinta familias desfrutaron do novo servizo municipal de comedor.

E co inicio do curso 2024-25, o Concello pon en marcha os programas *Tardes educativas e de lecer* e *Madruga*, que contan nestes momentos con 30 e 7 nenos e nenas, respectivamente. Uns servizos cuxa matrícula está aberta durante todo o ano e onde as familias que o precisen poden adaptar os horarios de acordo coas súas necesidades.



Melloras nos centros educativos

O Concello aproveitou as vacacións escolares para acometer unha serie de traballos de reparación e mantemento das instalacións dos distintos centros educativos do municipio, con especial atención á escola infantil Raíña Lupa, onde se pintou o seu interior.

O Concello inviste 1,6 millóns de euros na mellora do alumado público

A Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón vén de licitar o proxecto de renovación das instalacións de alumado exterior no municipio. Unha iniciativa que permitirá cambiar todas as actuais farolas do concello a tecnoloxía LED e no que se investirán máis de 1.649.997 euros.

“Grazas a estas actuacións lograremos unha considerable rebaixa no custe do alumado público e estaremos tamén coidando o nos medio ambiente ao reducir o consumo enerxético e dispoñer dunha tecnoloxía dunha vida útil máis longa, que non contén materiais contaminantes e que é totalmente reciclable”, explica o alcalde, Ovidio Rodeiro. En concreto, o proxecto permitirá actuar en 125 centros de mando que dan servizo a un total de 2.652 farolas.



As novas luminarias reducirán a contaminación lumínica e ambiental

Ademais da substitución das antigas luminarias por outras LED de última xeración, o proxecto inclúe tamén a implantación dun novo sistema de telexestión. Isto permitirá un control directo sobre as luminarias, o que permitirá optimizar a súa utilización.

Coa modernización da súa rede de alumado público, o Concello conse-

guirá un dobre obxectivo: reducir a contaminación lumínica e ambiental e aforrar en costes, xa que suporá unha importante rebaixa do gasto enerxético municipal. De feito, as actuacións levadas xa a cabo no Forte, Villalapaz, Camporrapado, A Ponte e Ardesende permitiron reducir en máis de 70.000 euros a factura eléctrica no último ano.

Máis de 70.000€ para mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas

O Concello de Boqueixón vai investir máis de 70.000 euros na mellora de tres camiños municipais en O Tesouro, Casalpeguito e Casal. Unhas actuacións ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 do Agader e da Xunta de Galicia.

Así, a Xunta de Goberno Local vén de licitar as obras de mellora de tres pistas municipais que suman máis de 2 quilómetros de lonxitude, onde se eliminarán as fochancas e se aplicará un tratamento asfáltico superficial con rego de selado en toda a estrada. Ademais, nos casos de O Tesouro e Casalpeguito mellorarase tamén a seguridade viaria da zona ao incluír sendas sinais de Stop.



Mellora da drenaxe do campo de fútbol de Camporrapado

O Concello de Boqueixón vén de acometer unhas obras de mellora do sistema de drenaxe do campo de fútbol da Silveira, en Camporrapado, de cara á nova temporada futbolística. Así minoraranse os asolagamentos que se producían nos casos de fortes choivas..



Gran participación no Roteiro do Cuarzo do Pico Sacro

Gran participación na visita guiada polo Roteiro do cuarzo do Pico Sacro organizada pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, en colaboración coa Xunta, para dar a coñecer a riqueza mineira da comunidade e o seu atractivo turístico e paisaxístico.

OBRADOIRO DE MEMORIA



OBRADOIRO DE MEMORIA (de outubro 2024 a xuño 2025)

VENRES	11:30 a 13:00 (1 hora e media)	LESTEDO	15 €/mes
É unha actividade grupal na que os participantes estimularán e reforzarán as súas funcións cognitivas (memoria, atención, percepción, linguaxe e imaxinación). É como unha ximnasia mental. No obradoiro propoñense actividades e xogos traballando a memoria a longo e curto prazo, a memoria sensorial e a área da linguaxe.			
O obxectivo básico do obradoiro é retrasar o deterioro cognitivo pero ademais pretende aumentar a autoestima e liberarse do estrés.			

PREZAS LIMITADAS
Información no Departamento de Cultura e no teléfono: 981 513 115
INSCRICIÓN NO REGISTRO MUNICIPAL OU SEDE ELECTRÓNICA

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

A PARTIR DE OUTUBRO 2024 EN Casa da Cultura de Camporrapado

Ioga e Benestar

COMEZA O CURSO COS MELLORES PROPÓSITOS

REGÁLATE UN TEMPO DE AUTOCOIDADO, SAÚDE E BENESTAR

DÍA: Mércores
HORARIO: 19h a 20h / 20h a 21h
CUOTA: 20€/mes
+información e inscricións:
Dpto. de Cultura,
Tl: 981513115 ou cultura@boqueixon.com

Organiza: CONCELLO DE BOQUEIXÓN

INFORMÁTICA E MÓBIL

CURSOS "INFORMÁTICA E MÓBIL" (outubro-xuño)

GRUPO I (Sen coñecementos previos)	MARTES	16:00 a 17:30 (1 hora e media)	CASA DA CULTURA (Camporrapado)	15 €/mes
GRUPO I (Sen coñecementos previos)	VENRES	10:00 a 11:30 (1 hora e media)	LESTEDO	15 €/mes
GRUPO II (Con coñecementos previos)	XOVES	10:00 a 12:00 (2 horas)	CASA DA CULTURA (Camporrapado)	20 €/mes

Cursos nos que os usuarios aprenderán coa práctica o uso do ordenador personal e do móbil na súa vida cotiá.

PREZAS LIMITADAS
Información no Departamento de Cultura (Teléfono 981 513 115)
INSCRICIÓN NO REGISTRO MUNICIPAL OU SEDE ELECTRÓNICA

*Horarios non definitivos, consultar no Departamento de Cultura

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Abertas inscricións no curso 2024-25 de ioga, memoria e informática e móbil

Para: persoas adultas.

Duración: outubro 2024 a xuño 2025. Non haberá actividades os festivos.

Prazas: Mínimo 10 participantes, preferencia das persoas empadroadas en Boqueixón.

Inscricións: De forma telemática na Sede Electrónica ou de xeito presencial

no Rexistro Municipal. De quedar prazas vacantes, poderán incorporarse novos participantes.

Prezo e horarios*:

- **Novas Tecnoloxías I:** 15 €/mes. Manexo de móbiles. Casa da Cultura de Camporrapado, mércores de 16:00 a 17:30 h. Lestedo, venres, de 10:00 a 11:30 h.

- **Novas Tecnoloxías II:** 20 €/mes. Casa da Cultura de Camporrapado, xoves de 10:00 a 12:00 h.

- **Ioga:** 20 €/mes. Casa da Cultura de Camporrapado, mércores de 19:00 a 20:00h e de 20:00 a 21:00 h.

- **Memoria:** 15 €/mes. Busca atrasar o deterioro cognitivo a través de xog

gos e actividades que estimulen a memoria a curto e longo prazo. Lestedo, venres de 11:30 a 13:00 h.

Pago: trimestral e por domiciliación bancaria.

* **Os días e horarios de Memoria e Novas Tecnoloxías poden sufrir variacións, consultar no Departamento de Cultura: 981 513 115.**



Últimas festas para despedir o verán en Boqueixón

Gran participación nas festas de Lurdes, Donas, Vigo e Ponte Ledesma para despedir o verán. Parabéns a todas as comisións de festas polo seu labor. En Lestedo, a procesión con velas para trasladar a Virxe á capela e a solemne procesión ao Cruceiro congregaron a moitos fieis. A música correu a cargo do Grupo Bomba, da orquestra Origen e das bandas de música de Teo e Santa Cruz de Rivadulla.

En Santa Eulalia de Vigo

homenaxeouse á Virxe da Saleita e á Virxe dos Dolores con sendas misas solemnes e co grupo Pena do Corvo, do Grupo Paradanta e da banda de música de Santa Cruz de Rivadulla.

En Ponte Ledesma, a misa na honra da Virxe dos Milagros estivo cantada polo Coro Oural-Ledesma, mentres que o grupo Son de Gaita acompañou á procesión e amenizou a sesión vermú. E Donas celebrou unha misa na honra á Virxe dos Milagros.

Máis de 180 veciños/as participan nas actividades deportivas

O próximo 1 de outubro darán comezo as actividades físicas e deportivas para persoas adultas, que organiza o Concello de Boqueixón e no que están anotadas un total de 183 persoas. Un curso que se prolongará ata o 30 de xuño do vindeiro ano 2025 de acordo coa táboa de horarios anexas.

A oferta deportiva mantén as actividades tradicionais (pilates, ximnasia, bailoterapia e zumba) ás que hai que engadir as novidades incorporadas o curso pasado e que repiten debido á súa boa acollida: Circuito Saudable Maiores, Cross Funcional, Pilates Terapéutico e Circuit Training. Así mesmo, neste curso 2024-2025 incorpórase unha novidade: asesoramento GIM/Funcional.

Máis información: deportes@boqueixon.gal ou 981 513 061 (Departamento de Deportes).

HORARIOS

HORARIO	LUNES	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
09:30		CIRCUITO SAUDABLE MAIORES		CIRCUITO SAUDABLE MAIORES	
10:30		PILATES ESPALDA		PILATES ESPALDA	
11:30		PILATES TERAPÉUTICO		PILATES TERAPÉUTICO	
17:00	ASESORAMIENTO GIM/FUNCIONAL	CIRCUIT TRAINING	ASESORAMIENTO GIM/FUNCIONAL	CIRCUIT TRAINING	ASESORAMIENTO GIM/FUNCIONAL
17:30		PILATES LEDESMA		PILATES LEDESMA	
18:00	PILATES V		PILATES V		CIRCUIT TRAINING
19:00	PILATES III	XIMNASIA MAIORES	PILATES III	XIMNASIA MAIORES	BAILOTERAPIA 18-45H.
19:00	ZUMBA CAMPORRAPADO	ASESORAMIENTO GIM/FUNCIONAL	ZUMBA CAMPORRAPADO	ASESORAMIENTO GIM/FUNCIONAL	ASESORAMIENTO GIM/FUNCIONAL
19:45		PILATES VI		PILATES VI	
20:15	ZUMBA FORTE		ZUMBA FORTE		
20:15	PILATES IV	PILATES I	PILATES IV	PILATES I	
21:15	CROSS FUNCIONAL	PILATES II 21:30	CROSS FUNCIONAL	PILATES II 21:30	CROSS FUNCIONAL
21:30		ZUMBA LESTEDO		ZUMBA LESTEDO	

MÁS INFO


Concello de Boqueixón

O ciclo BocAberta traerá a tres grupos de teatro amateur en novembro

O Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón ultima os detalles cunha nova edición do ciclo BocAberta, que encherá de teatro amateur a Casa da Cultura de Camporrapado tres domingos de novembro. Unhas actuacións dirixidas a un público adulto, de acceso de balde e que terán lugar á mesma hora: 17:30 horas.

A edición de 2024 abrirase o domingo 10 de novembro da man do Club de Maiores de Boqueixón e "Asuntos escuros", que dará paso unha semana despois á Agrupación Teatral Pedroso (Narón) coa obra "A inmortal". Pechará o ciclo a Asociación Cultural Charamela (Melide) o domingo 24 de novembro coa posta en escena da obra "Quen o diría!".





Aprende inglés

dirixido a:
Persoas adultas

Matrículas abertas

custo 30€/mes

venres de 16.00 a 18:00 h.

curso: outubro - xuño

+ información 981513115

Expresión e comprensión oral




A Festa da Filloa de Lestedo recibe o título de Festa de Interese Turístico Nacional

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, recolleu de mans do ministro de Industria e Turismo, Jordi Hereu, o diploma que acredita a declaración da Festa da Filloa de Lestedo como Festa de Interese Turístico Nacional. O alcalde puxo en valor "o traballo que levan facendo os veciños e veciñas de Lestedo nestes últimos anos e que logran así un recoñecemento ao seu esforzo facendo filloas durante máis de corenta anos". A Filloa de Lestedo compartiu escenario canda outras sete festas de Interese Turístico Nacional, como a Festa da Empanada de Bandeira (Silleda); e seis Internacionais, como a Festa da Lamprea de Arbo e o Arde Lucus.



Rodeiro e o director de Competitividade de Turismo de Galicia, Iván Meléndez, sosteñen o diploma canda Pascual Villaverde e Juan Corral, representantes da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, e o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Venres
4

Saída ao Balneario Compostela

Saída ás 10:15 horas da Casa do Concello.
Dirixido a maiores de 60 anos.
Circuíto termal de 2 horas. Prezo: 15€ (balneario) + 8€ (bus).

Luns
7

Inicio campaña de vacinación da gripe

Nenos e nenas de 6 a 59 meses.
A partir do 14 de outubro: persoas de 80 e máis anos. A partir do 28 de outubro, persoas de 70 a 79 anos.

Xoves
17

Fin do prazo para solicitar o Bono Concilia

Presentación a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.gal>

Luns
28

Renovación do DNI

Casa do Concello.
A partir das 9:00 horas
Imprescindible Cita Previa.
Anotacións no Departamento de Cultura: 981 513 115.

e en novembro...

Mércores
6

"Boqueixón en Ruta": excursión ás Termas de Outariz

Inscripcións no Concello ou chamando ao 981 513 115

Sábado
9

VI Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Casa da Cultura de Camporrapado.
17:00 horas. Entrada libre.
Máis información e programa en www.boqueixon.gal

Domingo
10

Ciclo BocAberta. Club de Maiores de Boqueixón: "Asuntos Escuros"

Casa da Cultura de Camporrapado. 17.30 horas.
Público adulto.

Domingo
17

Ciclo BocAberta. A.T. Pedroso: "A inmortal"

Casa da Cultura de Camporrapado. 17.30 horas.
Público adulto.

Domingo
24

Ciclo BocAberta. A.C. Charamela: "Quen o diría!"

Casa da Cultura de Camporrapado. 17.30 horas.
Público adulto.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com